

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN MÚSICAS AO VIVO PARA O DESENVOLVEMENTO DA DÉCIMO PRIMEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA 2024

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Por unha banda, Román Rodríguez González, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q-6550009-B, actuando en nome e representación dela en virtude do establecido pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

E doutra, Sheila Patricia González Barros, na súa calidade de presidenta da Asociación Músicas ao Vivo (en adiante Asociación), con NIF G70243019, con poderes suficientes para actuar no nome da entidade en virtude do establecido nos seus estatutos e na certificación da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes do 11.03.2024 acreditativa da inscrición da Asociación no Rexistro Central de Asociacións e das persoas titulares do seu órgano de representación.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Segundo. A Asociación Músicas ao Vivo é, segundo os seus estatutos, unha asociación sen ánimo de lucro que ten como fin dotar aos músicos que tocan en directo dun lugar de encontro para eles, a



promoción da difusión da cultura musical en Galicia e a promoción da profesionalización da actividade dos músicos e músicas galegas, para o que poden realizar reunións e encontros, xornadas e charlas formativas, organización de certames e premios, así como outros eventos.

Foi a Asociación Músicas ao Vivo a entidade que promoveu o nacemento dos Premios Martín Códax da Música e que continua coa súa organización. Creada en 2008 como asociación cultural a modo de foro permanente de encontro e debate, axiña se converte nunha asociación profesional que agrupa e unifica as inquedanzas dos músicos galegos intentando dignificar a música en directo, con obxectivos ambiciosos para darlle visibilidade pública a este sector da cultura galega.

Con gran número de socios, testemuño da súa elevada representatividade no sector musical galego, as súas liñas de traballo están orientadas sempre á defensa dos intereses dos profesionais da música ao vivo e á promoción musical, converténdose nestes últimos anos en interlocutores imprescindibles e de referencia das institucións públicas e do sector musical e en axente dinamizador e modernizador deste ámbito.

Terceiro. Entre as actividades que, para o cumprimento dos seus fins, desenvolve a Asociación figura a de premiar e galardoar os profesionais máis destacados no exercicio das súas actividades artísticas mediante a convocatoria anual dos Premios Martín Códax da Música. Os premios, con xa máis dunha década de vida, marcáronse como obxectivo, desde o seu nacemento, visibilizar a creatividade musical de artistas e bandas de Galicia e o potencial da música como sector estratéxico desde o punto de vista social e económico. Centos de proxectos preséntanse cada ano, desde 2013, nas diferentes categorías, convertendo a convocatoria nunha cita de referencia cultural e un punto de confluencia para as persoas que se dedican á música no noso país.

A Asociación Músicas ao Vivo organiza a décimo primeira edición dos Premios Martín Códax da Música como un xeito de recoñecer e darlle visibilidade a unha industria cun gran potencial creativo e calidade artística, promovendo a música feita en Galicia, ou fóra pero por músicos galegos, non só a nivel da Comunidade, senón tamén estatal e mesmo internacionalmente, ampliando deste xeito a actividade económica no exterior. Recoñecer a creación, a diversidade e a calidade artística das producións musicais, facer rendible o potencial da música galega, sacar á luz novos talentos da escena musical galega e achegar a música e o seu proceso de produción ao público son os piares nos que se sustentan estes premios, e que a Agadic xulga necesario apoiar de cara á súa consolidación ao considerar este proxecto como unha inmejorable plataforma de promoción deste sector básico da cultura galega.

A Agadic considera que os premios, máis aló da autocompracencia, son un inmejorable instrumento para facer visible a todo un sector, para darlle visibilidade á música galega, a todo un colectivo de creadores e axentes comprometidos coa cultura galega e que axuda a situar a este sector estratéxico no lugar que lle corresponde por calidade. O posicionamento acadado pola marca Premios Martín Códax da Música xa dende o seu nacemento é necesario que siga dando os seus froitos en futuras edicións.



Cuarto. A Agadic, atendendo aos seus obxectivos de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positivas, considera esencial o apoio a esta iniciativa co propósito de dotar de maior estabilidade ao sector, dinamizar o mercado interior e promover a proxección exterior dos produtos musicais galegos e dos seus creadores. Ao longo destes anos os galardóns demostraron que a súa esencia vai moito máis alá dun exercicio de reafirmación que culmina coa gala anual de entrega de premios. A relevancia destes premios reside na capacidade que teñen como elemento de cohesión e como plataforma para poñer en primeiro plano o traballo dun sector creativo e transformador como é o da música, apoiando e potenciando a súa dignificación e profesionalización.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución das actuacións é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da décimo primeira edición dos Premios Martín Códax da Música que organiza a Asociación Músicas ao Vivo.

SEGUNDA. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

A especificidade da actuación, o carácter representativo maioritario desta entidade, a exclusividade como organizadora dos premios Martín Códax da Música, así como a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, evidencian a imposibilidade de promocionar a concorrência pública para o desenvolvemento desta actividade e xustifican a canle da subvención mediante convenio de colaboración.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.



TERCEIRA. ACTUACIÓNS DO PROGAMA

O programa contempla o desenvolvemento da décimo primeira edición dos Premios Martín Códax da Música, convocatoria destinada a proxectos musicais galegos (artistas, grupos, solistas, espectáculos e proxectos discográficos) vixentes e en activo en 2024 que compiten en 15 categorías musicais que recollen os máis variados estilos musicais (pop e indie; rock e punk; blues, funk e soul; metal e heavy; canción de autor/a; músicas urbanas; músicas do mundo e mestizaxe; electrónica; música clásica e contemporánea; jazz e músicas improvisadas; música tradicional; música folk; música infantil; orquestras, grupos e música de verbena; bandas de música popular), destacando tres proxectos concretos en cada unha das categorías. Contemplan, ademais, o Premio honorífico, como homenaxe á traxectoria artística e dedicación á música ao vivo, e os tres Premios Organistrum, cos que se pretende recoñecer o labor das salas, festivais e proxectos de comunicación e difusión musical. Mantense nesta edición a categoría extraordinaria creada en 2022 de artista emerxente, que premia a proxección e potencial dun proxecto de nova creación.

A gala de entrega, que apostará este ano por un claro contido musical, celebrarase o 15 de maio no Pazo da Cultura de Pontevedra.

CUARTA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO

A Agadic realizará unha achega por importe de 24.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1 432B 781.0 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O orzamento total das actividades obxecto de subvención é de 70.500 euros, impostos incluídos (59.468,66 euros sen IVE). A xustificación de gastos por importe inferior ao orzamento total da actividade implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

QUINTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Poderase realizar un pagamento anticipado por importe de ata o 50 % do cantidade subvencionada, que implica a entrega de fondos con carácter previo á xustificación dos gastos, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á actividade subvencionada. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevea a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados. O artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos anticipados non superen os 18.000 €.



No caso de que a asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

SEXTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei, que a continuación se relacionan:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes.

e) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluírase en toda a documentación e soportes específicos das actividades que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, todos os materiais ou soportes de difusión, impresos e en liña, deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia, de acordo co seu manual de identidade corporativa.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

OITAVA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2024 e a data límite de xustificación (16 de setembro de 2024).

GASTOS SUBVENCIONABLES	Importe sen IVE	Importe con IVE
1. Materiais de difusión	4.540,95	5.065,55
<i>Subministracións:</i>		
1.1. Impresión de sobres e tarxetóns para anuncio de finalistas na Gala	55,00	66,55
1.2. Impresión etiquetas de madeira para identificación das estatuínas das Melómanas	300,00	363,00
1.3. Impresión de corpóreos para a Festa de Finalistas	145,00	175,45
1.4. Impresión de corpóreos para a acto de presentación aos medios de comunicación	140,95	170,55
1.5. Deseño e construción das Melómanas	3.900,00	4.290,00
2. Comunicación	12.667,14	15.291,54
<i>Subministracións:</i>		
2.1. Servizo de almacenamento para traballo organización, meses de xaneiro a maio	20,00	20,00
2.2. Servidor para nova páxina web e plataforma de votación, meses de xaneiro a maio	150,00	150,00
<i>Servizos:</i>		
2.3. Desenvolvemento e renovación total da web dos premios	1.600,00	1.936,00
2.4. Mantemento servidores (40 %)	167,14	202,24
2.5. Hosting para web (40 %)	280,00	338,80
2.6. Servizos de comunicación: prensa e relación cos medios de comunicación	1.700,00	2.057,00
2.7. Deseño liña gráfica e identidade da XI Edición Premios Martín Códax	1.850,00	2.238,50
2.8. Creación e deseño campaña redes sociais 11ª edición dos Premios	3.300,00	3.993,00
2.9. Fotografías para presentación a medios, festa finalistas e gala	1.000,00	1.210,00
2.10. Creación dos vídeos e montaxes para promoción gala	2.600,00	3.146,00
3. Producción artística	15.540,00	18.383,40
<i>Servizos:</i>		
3.1. Xurado votacións	2.000,00	2.000,00
3.2. Dirección artística, guión e presentación da gala.	2.000,00	2.420,00
3.3. Dirección musical e actuación en directo o día da gala	4.500,00	5.445,00
3.4. Cantantes para colaboración coa banda principal o día da gala	2.400,00	2.904,00
3.5. Gravación en estudio do tema central da gala e do material de promoción/difusión	820,00	992,20
3.6. Deseño, fabricación, montaxe escenografía e creación proxecto iluminación gala	3.500,00	4.235,00
<i>Outros:</i>		
3.7. Dereitos autor SGAE	320,00	387,20
4. Producción audiovisual	4.280,00	5.178,80
<i>Servizos:</i>		
4.1. Servizo de streaming para a emisión da gala	500,00	605,00
4.2. Realización da gala multicámara con saída para streaming e posproducción	3.780,00	4.573,80



5. Produción técnica	14.265,50	17.261,25
<i>Servizos:</i>		
5.1. Montaxe e aluguer equipamento de luces para gala	2.907,00	3.517,46
5.2. Servizos de carga e descarga	290,00	350,90
5.3. Enmoquetado do escenario e escaleiras gala	878,50	1.062,99
5.4. Control e coordinación das persoas convidadas e público xeral da Gala. Persoal de atención público	1.950,00	2.359,50
5.5. Preproducción e produción técnica da gala	3.400,00	4.114,00
5.6. Alugueiro e montaxe do equipamento de son para gala	4.200,00	5.082,00
5.7. Controladora de acceso gala	90,00	108,90
5.8. Montaxe e desmontaxe da escaleira central para acceder ao escenario	550,00	665,50
6. Produción executiva	5.669,47	6.813,86
<i>Servizos:</i>		
6.1. Produción executiva, xestión administrativa e coordinación xeral de todo o proceso de creación da gala	5.259,47	6.363,96
6.2. Xestoría. 80% da factura de maio	190,00	229,90
<i>Outros:</i>		
6.3. Seguro de Responsabilidade Civil 80 %	220,00	220,00
7. Gastos de persoal da entidade asociado ao desenvolvemento do proxecto	2.505,60	2.505,60
<i>Persoal</i>		
7.1. Tarefas de xerencia. Impútase o 80 % dos custos laborais dun traballador da entidade durante os meses de marzo, abril e maio	2.505,60	2.505,60
TOTAL	59.468,66	70.500,00

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o **16 de setembro de 2024**. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, entenderanse xustificadas co feito da súa retención, sen prexuízo de que unha vez ingresados os importes, a entidade deba xustificalo coa entrega dos xustificantes correspondentes, que debe facerse con data límite do 15 de novembro de 2024.

4. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria declare que se atopa exenta ou suxeita á modalidade de rateo na declaración do IVE.

5. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais, así como os derivados da garantía bancaria que no seu caso se constitúa para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa adecuada preparación ou execución.



6. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte comprometida e na medida en que tales custos correspondan o período no que efectivamente se realiza a actividade.

7. A subcontratación das actividades estará limitada polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o 43 do seu Regulamento.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

A entidade deberá xustificar o custo total da actividade.

1. O pagamento da achega comprometida pola Agadic realizarase da seguinte forma:

a) Ata o 50 % do importe subvencionado poderase aboar en concepto de pagamento anticipado logo da formalización do convenio, previa a presentación pola entidade beneficiaria da seguinte documentación:

1. As certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. A declaración responsable de non incorrer nalgunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Solicitud de anticipo acompañada dunha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

b) A cantidade restante, logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia, segundo o seu manual de identidade corporativa.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe. Esta relación debe vir clasificada segundo as partidas e subpartidas reflectidas na cláusula relativa aos gastos subvencionables deste convenio.
- Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias, polo que todas as facturas ou documentos de gasto se deberán presentar xunto co correspondente documento bancario xustificativo no que veña claramente identificado o destinatario do pagamento.



- No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá xuntarse, ademais, acreditación da súa titularidade. A tarxeta debe estar asociada á conta da entidade beneficiaria. Non se admitirán pagamentos mediante tarxetas non asociadas á conta da entidade.
- Para os gastos de desprazamento, admitirase como documento de gasto unha axuda de custo en que quede perfectamente identificado quen realiza o pagamento (a entidade) e o destinatario, asinado por ambas as partes. Neste documento deberase especificar o motivo do desprazamento, as datas das viaxes, orixe e destino, quilómetros totais no seu caso, e outros gastos asociados á viaxe de ser o caso (peaxe, aparcamento...) e deberá acompañarse cos documentos acreditativos que se relacionen na axuda de custo. En caso de vehículo particular, a cantidade que se admitirá por cada quilómetro será de 0,26 euros. Deben acompañarse, como o resto dos gastos, das certificacións bancarias dos pagamentos.
- Para os gastos de aloxamento, restauración e mantenza, como no resto dos gastos, só se admitirán aqueles gastos que figuren pagados pola entidade beneficiaria, polo que non se admitirán gastos que non fosen aboados directamente pola entidade aos distintos provedores dos servizos.

Exclusivamente para os gastos de restauración e mantenza, en casos excepcionais en que se xustifique por parte da entidade beneficiaria a imposibilidade de obter a correspondente factura ordinaria, poderase admitir a xustificación do gasto mediante a achega de factura simplificada, que en ningún caso se pode aboar en metálico e na que deben figurar aqueles datos necesarios que vinculen como pagadora a entidade beneficiaria, así como o tipo de IVE aplicado, ademais dos datos fiscais do emisor, identificación do produto ou servizo prestado, importe total, número de serie e data. A xustificación destes gastos con facturas simplificadas debe restrinxirse unicamente a aqueles casos excepcionais en que se xustifique debidamente que non se puido obter a factura ordinaria correspondente.

Na memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados que a entidade debe entregar como parte da documentación xustificativa, debe fundamentarse a necesidade destes gastos relativos a aloxamentos, restauración e mantenza e especificar as persoas que os xeraron e a súa relación coa actividade conveniada.

- En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC, TC1]).
- En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso.
- Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades que inclúa, ademais, a explicación das desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente.

3. Unha declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa



procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade subvencionada.

4. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade beneficiaria.

5. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a citada documentación.

6. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiaria das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

7. Certificación de encontrarse acollida ao réxime de exención (ou pro rata) do IVE no seu caso.

8. Con respecto aos gastos do persoal da entidade vinculado ás actividades do proxecto, declaración da porcentaxe do tempo efectivamente dedicado ás actividades conveniadas, segundo o admitido na cláusula relativa aos gastos subvencionables deste convenio.

9. No seu caso, a carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

En canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deberán entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada. A documentación correspondente á xustificación presentase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Galega das Industrias Culturais comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á entidade.

A Axencia Galega das Industrias Culturais reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

2. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o **16 de setembro de 2024**.



DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.
2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).
3. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.
2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:
 - A persoa titular da Presidencia da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que o substitúa.
 - A persoa titular da Dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.



3. Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un membro do cadro do persoal da Agadic.

DÉCIMO TERCEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Os datos persoais recollidos neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Agadic- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, a entidade conveniente someterase ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO CUARTA. PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN, REINTEGRO E SANCIÓN

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento do importe do convenio no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas no clausulado deste convenio, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida no seguintes casos:



- a) Non xustificar ante a Agadic o cumprimento do obxecto do convenio e a execución do proxecto.
 - b) Non comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.
 - c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, nin achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - d) Non acreditar que está ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.
4. Procederá a perda parcial do cobramento da subvención o incumprimento parcial, entendendo por este sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión da axuda. A Agadic poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver o seu alcance (e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro) cos seguintes criterios:
- no caso de condicións referentes á contía subvencionable, o alcance do cumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción e os seus xuros de demora.
 - no caso de incumprimento da obriga de dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención (coa inclusión en toda a documentación e soportes de difusión das actividades, impresos e en liña, do logotipo da Xunta de Galicia) reducirase un 2 % o importe da subvención, e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas nesa proporción.
5. Para facer efectiva a devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

- 1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.
- 2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:
 - a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
 - b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
 - c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade e financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO SEXTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SÉTIMA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2024. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2024.



DÉCIMO NOVENA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

**POLA AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS CULTURAIS**

Román Rodríguez González
Presidente do Consello Reitor da Agadic

POLA ASOCIACIÓN MÚSICAS AO VIVO

Sheila Patricia González Barros
Presidenta

